



CCOO INFORMA Nº10

AXUDA PARA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VIVENDAS

En que consiste a axuda?

Nunha subvención para o financiamento de actuacións ou obras de mellora da eficiencia enerxética nas vivendas.

Quen pode solicitala?

As persoas físicas propietarias, usufrutuarías ou arrendatarias de vivendas (poderán facultar e autorizar, mediante o correspondente acordo, que un axente ou xestor da rehabilitación actúe por conta delas). Deberán destinar o importe íntegro ao pagamento das correspondentes actuacións.

Requisitos

As vivendas para as que se solicite financiamento deste programa teñen que constituír o domicilio habitual e permanente das súas persoas propietarias, usufrutuarías ou arrendatarias no momento de solicitar a axuda, circunstancia que será obxecto de comprobación.

Así mesmo, as vivendas deberán ter unha referencia catastral diferenciada, de xeito que non se poderá conceder máis dunha axuda por vivenda a unha mesma referencia catastral.

Actuacións subvencionables

1. As que se realicen en vivendas, sexan unifamiliares ou pertencentes a edificios plurifamiliares, en que se consiga unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración de, polo menos, o 7 % ou unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable de, polo menos, un 30 %.
2. As de modificación ou substitución de elementos construtivos da envolvente térmica para adecuar as súas características aos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire, cando proceda, establecidos nas táboas 3.1.1.a-HE1 e 3.1.3.a-HE1, do Documento básico DB HE de aforro de enerxía do Código técnico da edificación.
3. Deben cumprir coa normativa vixente que lles sexa de aplicación e contar coas preceptivas licenzas e autorizacións administrativas no caso de que estas as requiran.
4. Non serán subvencionables os investimentos en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil.
5. Non poderán estar iniciadas antes do 1 de febreiro de 2020, nin estar finalizadas o 15 de xuño de 2023.
6. O prazo para executalas non poderá exceder os doce meses, contados desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda.

Contía das axudas

1. O importe da subvención será do 40 % do custo das actuacións, cun límite de 3000 euros por vivenda.
2. No importe obxecto de subvención poderán incluírse os honorarios dos profesionais intervinientes, o custo da redacción dos proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. Non se consideran custos subvencionables os correspondentes a licenzas, taxas, impostos ou tributos. Non obstante, o IVE poderá ser considerado elixible sempre e cando non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial.
3. O custo mínimo da actuación terá que ser igual ou superior a 1000 euros por vivenda.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes destas axudas estará aberto desde o 16 de xuño de 2023 ata o 2 de outubro de 2023 e, en todo caso, cando se esgote o crédito orzamentario, que será publicado no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Máis información

DOG núm. 113, xoves, 15 de xuño de 2023.- Páx. 37209

RESOLUCIÓN do 1 de xuño de 2023 pola que se convoca o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2023, con carácter plurianual (código de procedemento VI406E).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230615/AnuncioC3Q2-020623-0001_gl.pdf